

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	2º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela. Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico e a globalización permiten a escoita simultánea de toda a produción musical mundial e abriu novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

Ademais, a música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado, así como no fomento de valores como o esforzo, a constancia, perseveranza, disciplina, toma de decisións, autonomía, compromiso e espírito emprendedor entre outros; valores que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa, ademais de mellorar a atención, a xestión das emocións e a autoestima, así como a capacidade de comunicación e traballo en grupo adoitando diferentes roles dentro deste.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzanse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

Nesta programación para 2º curso de ESO concrépanse uns obxectivos, contidos e criterios de avaliación articulados en tres bloques que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar sempre desde a súa interiorización a través da práctica, para pasar despois a teorización.

Os obxectivos propostos para toda a ESO pretenden desenvolver a identidade e a recepción cultural, contribuír a autoexpresión a través da creación e da interpretación, centrarse na produción artística e estudar, entender e coñecer o patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre traballados desde unha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e máis a danza.

Os criterios de avaliación son ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias segundo os seus compoñentes cognitivos, procedimentais e actitudinais.

Os contidos articúlanse en tres bloques:

- "Escoita e percepción", contidos indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

- «Interpretación, improvisación e creación escénica», co que se pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico no que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais, como do uso libre de distintas linguaxes. Aprender a música a través da experiencia de ser músico, baseándonos no traballo por proxectos grupais.

- «Contextos e culturas», aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes, e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

Neste 2º curso de ESO, a materia centrarase no traballo, coñecemento e dominio dos principais elementos da linguaxe musical que permitan entender e executar partituras básicas; na escoita, recoñecemento e creación de formas musicais, dancísticas e texturas básicas; asentar os principios técnicos da interpretación instrumental e vocal; comprender e respectar as normas básicas da actuación en público e asistencia a espectáculos musicais e dancísticos; e no coñecemento das tradicións musicais e dancísticas da nosa comunidade así como doutras partes do mundo.

Esta proposta didáctica está pensada para seguir traballando moitos dos contidos non só na unidade na que se presentan por primeira vez, senón para que estes contidos sigan aparecendo nas seguintes unidades e sexan manexados, afianzados e ampliados de forma continua ao longo de todo o curso, xa que a música ao igual que o resto das linguaxes, é unha materia onde os contidos son acumulativos, e imos construindo a sintaxe musical manexando os conceptos previos dos que partimos e construindo sobre estes novas estruturas máis complexas a través do aprendizaxe en espiral.

Queremos recalcar como principal obxectivo desta programación e unidades didácticas, a creación dun público crítico que saiba valorar a calidade das músicas que escoita e os medios de comunicación que escolle para a súa reprodución, e isto articulado a través da experiencia de ser músico ou bailarín, de comprender o oficio, e de saber

poñerse no lugar de traballo dos artistas. Soamente a través de experiencia podemos comprender o mundo en sí da música, os contidos, o traballo en equipo, de perseveranza, de autonomía e de compromiso cos demais, que supón subirse a un escenario a estrenar un proxecto, e a esa experiencia é a que pretendemos chegar co traballo realizado ao longo do curso.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O son e as súas calidades: altura, intensidade, timbre e	Unidade introductoria sobre as calidades do son (duración, altura, intensidade e timbre),	10	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	duración.	coa fin de averiguar, a modo de avaliación diagnóstica, qué contidos interiorizou o alumnado na educación primaria, e amplialos. Os distintos parámetros do son trataranse de xeito máis minucioso nas seguintes unidades.	10	6	X		
2	Ritmo e melodía: duración e altura.	Nesta unidade traballaremos os principais elementos rítmicos e melódicos que conforman a música (compases básicos de subdivisión binaria e ternaria, figuras musicais e signos que alongan ditas figuras, notas en clave de sol en 2ª liña, concepto de intervalo...), sempre desde un punto de vista práctico, sentindo o ritmo a través do corpo, do movemento e da percusión corporal, e analizando as melodías a través da escoita activa mediante actividades de soundpainting ou similares e do uso da voz para entonar ou instrumentos. Partimos de coñecer os sons e as melodías a nivel auditivo. Partimos da práctica para despois comprender os conceptos desde unha perspectiva teórica.	10	8	X		
3	Harmonía: acordes e tonalidades.	Dise que a harmonía é a parte máis cerebral que conforma a música. Así como o ritmo se asocia á parte física e corporal máis elemental do ser humano, e a melodía coa parte emocional, porén o concepto de harmonía aparece máis adiante na historia da música e é o elemento racional desta. A maioría das melodías que escoita o noso alumnado hoxe en día, adoitan ter textura de melodía acompañada, isto é unha melodía asentada sobre unha base ou sucesión de acordes, por iso é importante que dito alumnado comprenda o concepto de acorde, a formación de acordes básicos, especialmente os tríade maiores e menores, e as funcións tonais básicas de tónica, dominante e subdominante.	10	8	X		
4	Textura e forma musical.	Tanto a forma como a textura son dous dos elementos musicais que axudan a poñer orde na música, facilitando así a súa comprensión. A textura é o modo en que combinamos os elementos rítmicos, melódicos e harmónicos nunha composición ou fragmento musical. Nesta unidade traballaremos de xeito xeral os 4 tipos de textura: monodia, polifonía, contrapunto e melodía acompañada e a súa aparición ao longo da historia da música. A forma musical é a estrutura utilizada polos compositores no momento de crear unha obra, coa fin de ordenar os distintos	10	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Textura e forma musical.	<p>elementos que conforman a música e facer que sexa así comprensible.</p> <p>O concepto de forma comeza coa comprensión dos motivos, frases e semifrases, para diferenciar despois seccións máis longas e procedementos de creación como a repetición e a variación.</p> <p>Clasificamos as principais formas en vocais e instrumentais. Neste curso introduciremos algunhas delas como a forma binaria e ternaria, a forma rondó e algunhas formas da música popular e urbana.</p>	10	8	X		
5	As familias instrumentais e os instrumentos da orquestra.	<p>Nesta unidade aprenderemos as características básicas das familias instrumentais (aerófonos, cordófonos, idiófonos, membranófonos e electrófonos), centrándonos principalmente nos instrumentos da tradición musical occidental Europea e as principais agrupacións desta, así como a súa evolución (tríos, cuartetos, quintetos, a orquestra e a súa evolución na historia), estudando nas unidades seguintes outros instrumentos musicais propios doutras culturas e das músicas populares e urbanas.</p>	10	8		X	
6	A voz: produción do son, clasificación das voces e agrupacións vocais. Técnicas de canto.	<p>A voz humana, e polo tanto o canto, é a forma máis natural e completa de expresión musical. Cada voz é única e inimitable, e consegue mover as emocións do ser humano.</p> <p>Nesta unidade aprenderemos como funciona o noso corpo para producir a voz e o canto, así como a clasificación das distintas voces segundo a súa tesitura e as principais agrupacións vocais para as que ao longo da historia, as compositoras e compositores, teñen escrito música.</p> <p>Tamén diferenciaremos técnicas e formas de cantar ao longo da historia da música, desde a voz impostada da ópera ata outras técnicas utilizadas nas músicas populares, no jazz e nas músicas urbanas, sempre a través dun enfoque práctico, co que coñeceremos o noso corpo e as posibilidades da nosa propia voz.</p>	10	8		X	
7	Improvisación e Jazz	<p>Improvisar é a arte de crear e executar no momento, de xeito espontáneo seguindo ou non unhas pautas.</p> <p>A improvisación é imprescindible na educación para desenvolver a creatividade, as nosas propias ideas partindo do noso mundo musical interiorizado, por iso é preciso traballar distintas técnicas de improvisación desde libre ata directrices</p>	10	5		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Improvisación e Jazz	establecidas en certos tipos de música. Xa desde a Idade Media a improvisación estaba presente tanto na música relixiosa como secular, e durante o período Renacentista, Barroco e Clásico os intérpretes improvisaban entre outros os adornos das melodías e as cadencias dos concertos. Xa no século XX, o jazz é a música onde a improvisación reina e máis se ten desenvolvido, tanto na parte musical como nas danzas asociadas a este estilo. Nesta unidade traballaremos de xeito práctico a improvisación, comezando pola improvisación libre, ata chegar a directrices guiadas, pasando pola comprensión de cómo se constrúe a improvisación nun estándar de jazz.	10	5		X	
8	Música popular urbana, medios de comunicación e cine.	A música popular urbana xorde no século XX, aparecendo despois da II Guerra Mundial primeiro nos Estados Unidos de América e despois difúndese ao resto de Europa masivamente a través dos medios de comunicación como a radio, a televisión e o cine. Nesta unidade pretendemos achegarnos ás principais correntes da música actual, analizando e comprendendo as súas características, e desenvolvendo a capacidade crítica no alumnado coa fin de fomentar un consumo consciente e responsable de música.	10	10			X
9	Música e tecnoloxía: Ferramentas dixitais de edición, recepción e creación.	A finais do século XIX logrouse por primeira vez capturar o son rexistrándoo nun soporte. Desde ese instante, a relación entre música e tecnoloxía ten ido da man ata a actualidade. As novas tecnoloxías da comunicación e da información están presentes en todo o proceso musical, desde a composición á interpretación, pasando pola forma de consumo de música. Sen a tecnoloxía electrónica e os medios de comunicación de masas a música popular urbana e a música no cine serían inconcebibles. A educación musical non pode ser allea a esta relación, por iso é importante formar ao alumnado no uso e manexo consciente das distintas ferramentas tecnolóxicas e dixitais para a recepción, edición e creación de música, sempre a través da práctica e implicándose na creación de proxectos grupais que plasmen as súas inxerencias tecnolóxicas.	10	5			X
10	As músicas tradicionais e étnicas	A variedade de músicas que existen no mundo é infinita desde as orixes do ser	10	4			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	As músicas tradicionais e étnicas	<p>humano. Índa que as músicas de diferentes lugares parecen moi diferentes ás da nosa contorna, porén, existen certas similitudes básicas entre todas elas, pois todas se basean en patróns rítmicos ou melódicos dalgún tipo. A organización deses elementos é o que as fai diferentes e diversas.</p> <p>Nesta unidade interpretaremos e estudaremos algunhas músicas de diferentes lugares de España e do mundo, coa fin de apreciar as súas características e as similitudes e diferenzas entre todas elas, así como a súa importancia e influencia nas músicas actuais.</p>	10	4			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O son e as súas calidades: altura, intensidade, timbre e duración.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer na partitura os elementos que representan os parámetros do son: figuras musicais, clave, notas musicais, matices e instrumentos para os que está escrita.	PE	50
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.	TI	50
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler as partituras propostas con corrección, recoñecendo os elementos básicos que conforman os parámetros do son e recoñecendo a súa representación gráfica na música.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Manter a concentración durante a interpretación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilidade ante a polución sonora e a creación de ambientes saudables de escoita.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Ritmo e melodía: duración e altura.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer os principais elementos rítmicos e melódicos nas partituras traballadas: compás, figuras musicais, notas musicais, clave de sol en 2ª liña, intervalos, tipos de melodías.	PE	50
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Respectar as producións dos compañeiros e gardar silencio nos momentos nos que os demais estean formulando dúbidas ou executando o seu papel no conxunto, intervindo cando o profesorado o indique.	TI	50
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e executar coa destreza esixida neste curso os exercicios e partituras de percusión corporal, movemento, pequena percusión ou lectura traballados durante as sesións desta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar con precisión as técnicas instrumentais, vocais ou corporais traballadas nas partituras utilizadas nesta unidade.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Manter a concentración durante a interpretación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.</li> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Harmonía: acordes e tonalidades.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar cun vocabulario axeitado as ideas, sentimentos e emocións suxeridos polas obras e exercicios traballados nesta unidade segundo a sucesión e tipos de acordes escoitados.	PE	50
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer e explicar nas partituras e obras a executar, os tipos de acordes e funcións tonáis traballados nesta unidade.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e recoñecer nas partituras traballadas os tipos de acordes e funcións tonáis estudados nesta unidade.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Executar vocal ou instrumentalmente con corrección as pezas propostas nesta unidade, con especial atención á afinación dos acordes nas pezas a 3 ou máis voces.	TI	50

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Manter a concentración durante a interpretación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical. Parámetros do son, intervalos, escalas musicais e acordes básicos.</li> <li>- Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana.</li> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- A partitura: identificación e aplicación de grafías convencionais e non convencionais, lectura e escritura musical.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Textura e forma musical.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar as diferentes texturas e formas estudadas e encadralas na época histórica axeitada.		
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Recoñecer auditivamente e na lectura das partituras traballadas, os tipos de textura e formas estudados nesta unidade.	PE	50
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as diferenzas entre as formas musicais da música clásica ou culta e as formas musicais da música popular e urbana traballadas nesta unidade.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Apreciar a importancia do silencio, da concentración e da atención para traballar a escoita activa, así como crear un marco de respecto aplicando as normas de comportamento individual e grupal.	Manter silencio na escoita para apreciar as características estudadas na música. Respectar as preguntas dos demais e falar nas quendas indicadas.	TI	50
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Manter a concentración durante a interpretación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Texturas monofónicas e polifónicas, melodía acompañada. Formas musicais: motivo, frase, formas binarias, ternarias, forma rondó, formas musicais da canción popular urbana.</li> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	As familias instrumentais e os instrumentos da orquestra.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Identificar os diferentes instrumentos e agrupacións e clasificalos por familias e época correspondente.	PE	50
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Expresar cun vocabulario axeitado ideas, emocións e opinións sobre os diferentes timbres instrumentais traballados nesta unidade.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar as características técnicas específicas dos diferentes instrumentos musicais estudados.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler e executar as partituras instrumentais propostas nesta unidade.	TI	50
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Manter a concentración durante a interpretación.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Mostrar respecto cara os instrumentos e agrupacións traballados nesta unidade, valorando a súa importancia e influencia nas músicas actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical: respecto e valoración.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	A voz: produción do son, clasificación das voces e agrupacións vocais. Técnicas de canto.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Explicar cun vocabulario apropiado e cunha actitude aberta e respectuosa as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas estudadas, así como as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Explicar, cun vocabulario adecuado, a función do canto das distintas agrupacións vocais e formas de colocar a voz segundo o seu contexto histórico e época.	PE	50
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Identificar os distintos tipos de voz, as distintas agrupacións vocais estudadas e formas de cantar, analizando os aspectos comúns e diferenzas entre elas.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, demostrando coñecemento dos elementos estudados, así como habilidades musicais básicas individuais e grupais.	Ler partituras sinxelas a unha ou dúas voces, para poder interpretalas.		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Valorar a importancia do ensaios para a interpretación.	TI	50
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Interpretar con corrección as pezas propostas nesta unidade, a nivel individual e interpretando o rol indicado no grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas características do patrimonio cultural e musical galego, español ou do mundo: análise, descrición e valoración dos seus trazos básicos.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas de interpretación.</li> <li>- A voz e os instrumentos: clasificación xeral por familias e características. Principais agrupacións musicais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Improvisación e Jazz	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participar activamente, achegando ideas propias e con respecto cara as suestións dos demais, nas actividades de improvisación musical e dancísticas propostas nesta unidade.	PE	50
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Expresar ideas propias, sentimentos e emocións nas actividades de improvisación propostas nesta unidade, investigando con mentalidade aberta as propias posibilidades e recursos improvisatorios.	TI	50
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Manter a concentración durante a interpretación.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Contribuir a crear un proxecto de repertorio grupal propio seguindo as técnicas propostas polo profesorado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Técnicas de improvisación guiada e libre.</li> <li>- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Música popular urbana, medios de comunicación e cine.	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Describir as principais características das músicas urbanas, así como a función da música no cine e medios de comunicación.	PE	50
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e aprendizaxe, así como mostrando iniciativa nos procesos creativos e interpretativos.	Empregar a técnica básica que permita executar instrumental, vocal ou corporalmente as músicas traballadas nesta unidade.	TI	50
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Manter a concentración durante a interpretación.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Participar na planificación e creación de propostas artístico-musicais grupais desenvolvidas nesta unidade.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar con corrección as músicas propostas nesta unidade.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Contribuir a crear un proxecto de repertorio grupal propio seguindo as directrices propostas polo profesorado.		
CA3.6 - Utilizar as características e os elementos propios da cultura musical galega como base para crear diferentes composicións musicais, escénicas e/ou dancísticas executadas a través da voz, do corpo ou dos instrumentos.	Crear ou interpretar unha peza musical ou dancística con elementos propios da cultura musical galega, e propoñer o seu uso para unha escena cinematográfica ou anuncio de radio ou televisión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Compositoras e compositores, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención aos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.
- Repertorio vocal, instrumental ou corporal, individual ou grupal, de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.



**Contidos**

- Músicas populares, urbanas e contemporáneas: análise, interpretación e creación dun proxecto propio baseado nos estilos estudados.
- O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
9	Música e tecnoloxía: Ferramentas dixitais de edición, recepción e creación.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Ler, escoitar e analizar partituras sinxelas, a través de diferentes soportes audiovisuais, identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical.	Coñecer e utilizar diferentes soportes audiovisuais para escoitar, visualizar e analizar diferentes partituras e pezas musicais e dancísticas.	PE	50
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Manter a concentración durante a interpretación.	TI	50
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais, con actitude inclusiva e cohesionadora.	Coñecer ferramentas dixitais de edición de partituras.		
CA3.4 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional, usando medios audiovisuais e tecnoloxías dixitais.	Crear un proxecto musical, individual ou grupal, seguindo as pautas dadas polo profesorado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.
- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.
- Ferramentas dixitais para a creación musical: manexo de secuenciadores e editores de partituras.
- O son e a música nos medios audiovisuais e as tecnoloxías dixitais.

UD	Título da UD	Duración
10	As músicas tradicionais e étnicas	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Identificar as características e os elementos técnicos de propostas musicais da nosa cultura e doutras, analizando os aspectos comúns e as diferenzas entre elas.	Diferenciar as características musicais (instrumentos, ritmo, características melódicas...) das distintas culturas estudadas, asociándoas a cada lugar específico.	PE	50
CA3.5 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Coñecer características da música tradicional galega.		
CA2.5 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración e o respecto cara aos demais.	Manter a concentración durante a interpretación.	TI	50
CA2.7 - Interpretar e crear a través da voz, do corpo ou dos instrumentos, de maneira individual ou en grupo, diferentes pezas musicais, escénicas e dancísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpretar o repertorio proposto.		
CA3.1 - Valorar a importancia do noso patrimonio musical e dancístico tradicional e popular, así como o doutras culturas musicais do mundo, sendo consciente da súa relevancia e influencia na evolución da música ata a actualidade.	Expoñer ideas sobre as músicas e danzas tradicionais e populares do noso patrimonio e doutras culturas do mundo, recoñecendo a influencia de certos ritmos tradicionais nas músicas actuais.		
CA3.3 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, das diferentes culturas estudadas, valorando e mantendo unha actitude de respecto cara ao patrimonio artístico das diferentes culturas que conforman o mundo.	Interpretar instrumental ou vocalmente con corrección, de maneira individual e grupal, as pezas propostas nesta unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento práctico da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: lectura rítmica e melódica en clave de sol, claves, células rítmicas básicas nos compases simples e compostos. Signos que modifican a duración.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- As músicas tradicionais en España e a súa diversidade cultural: instrumentos, cancións, danzas e bailes. Estudo das súas características e interpretación.</li> <li>- A música en Galicia: instrumentos, formas tradicionais, danzas e xéneros tradicionais, populares e urbanos. Análise, interpretación e creación.</li> <li>- Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: características e funcións. Instrumentos, cancións, danzas e bailes en África, Asia, América, Europa e Oceanía.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As unidades didácticas propostas nesta programación están pensadas nalgúns casos para interrelacionarse, de xeito que a súa aplicación non ten por qué ser lineal no tempo, é dicir, á vez que traballamos por exemplo a unidade sobre música popular urbana e medios de comunicación, podemos engadir contidos doutras unidades como música e tecnoloxía ou preparando ao alumnado para actuar en público, contidos da unidade música en vivo, co propio repertorio traballado sobre músicas urbanas.

Tamén cabe dicir que en música, os contidos son acumulativos, é dicir, presentamos o traballo sobre ritmo por primeira vez na unidade 2, pero ese traballo de lectura de figuras musicais e compases continuará facéndose ao longo do curso a través do repertorio instrumental, vocal ou corporal das demais unidades, e así ocorre sucesivamente co resto dos contidos presentados.

Ademais do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos, partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización, é dicir, a base desta programación é aprender facendo.
- A planificación do ensino faise sempre en base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos, é dicir, superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos, e sempre partindo dunha visión global, onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado e teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula, así como a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.
- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado, onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos para descubrir os coñecementos previos do alumnado, actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.
- Por último destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Roca Vidal, F.; "Percusión corporal: piezas y ejercicios de percusión para instrumentos corporales". Año 2017; Edimúsica; ISBN: 978-84-95307088
Nelson M., Sheila; "Flip a rhythm Vol.1-2"; Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 979-0-060-09771-3
Nelson M., Sheila; "Flip a Rhythm Vol.3-4", Editorial Boosey and Hawkes, ISBN: 978-0-851-62193-7
Saint-James, G; Saint-James, J; "Body Tap 1". Fuzzeau. ISBN: 3-549540-068936

Pesdelán; "Na punta do pé". Kalandraka. ISBN: 978-84-8464-752-2
Zamora, A.; "danzas del mundo 2". Editorial CCS; Madrid 2005; ISBN: 84-8316-864-2
Sharma, E.; "Músicas del mundo". Ediciones Akal; Madrid 2006; ISBN: 978-84-460-2256-5
Wuytacj, J; "Musicalia Orff-instrumentarium". Uitgeverij de garve-brugge.
Ducros, D.; "Breve historia del rock. 5 composiciones adaptadas a la enseñanza de la flauta dulce u otros instrumentos en do". Fuzeau 2008. Ref. 6713
Saint-James, G.; "Pequeña historia del Jazz". Fuzeau 2008. Ref. 6712
"El canto en la historia y en el mundo". Fuzeau. Ref. 8765
"Voyage a capella. Du chant choral à la création vocale. Vol. 1 y 2". Fuzeau. Ref. 70735
Carmona, A.; Folklore Musical Español. Madrid.
Schnitzer, R. Moeller, M. (2011). Chorbuch, singen ist klasse. Schott Music.
Elorriaga, A. "Cantos tradicionales españoles arreglados para voces adolescentes". Anexo Editorial.
Elorriaga, A: "Cuatro espirituales para voces adolescentes". Anexo editorial.
Villagar, A. "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes. Fundamentos técnicos y pedagógicos de la voz cantada". Año 2019. Ediciones Robinbook. ISBN: 978-84-120812-7-5.
Elorriaga, A. "El sonido se transforma: educación coral para adolescentes". Año 2018. Anexo editorial. ISBN: 978-84-941134-8-2.
Der junge Pop Chor. Vol. 1 a 10. Ediciones Bosworth.
Bedford, D.; "An exciting new game for children os all ages". Londres. Universal Edition.
Apps e programas informáticos: Musescore, audacity, garageband, music maker jam, ireal, music studi lite, loopstation.
Web <a href="http://www.atrilcoral.com">www.atrilcoral.com</a>

- "Percusión corporal": Libro con pequenas pezas de percusión corporal para ler individualmente ou en grupo. Recoméndanse os primeiros exercicios do libro para utilizar nas unidades 2, 4,12, para traballar desde o ritmo ata as dinámicas, as texturas, a forma musical e preparar algunhas das pezas do libro para interpretar en público.
- "Flip a rhythm" 4 volúmenes en dous libros con exercicios rítmicos para percutir a dúas mans, ou en parellas ou grupos. Práctico para comezar a ler figuras musicais en distintos compases. Tarxetas combinables para utilizar na unidade 2.
- "Body Tap" pezas grupais de percusión corporal con CD con bases musicais para tocar por enriba. Estilos de samba, reggae, swing... Pezas que se poderían usar nas unidades 2, 4,12.
- "Na punta do pé". Músicas e danzas tradicionais de Galicia. Libro con CD e DVD. Para utilizar na unidade 7 e 12.
- "Danzas del mundo 2" libro para traballar danzas de distintos lugares na unidade .8
- "Músicas del mundo" libro e CD sobre músicas de distintos lugares do mundo: África, Bali, India, China... para utilizar na unidade 8.
- "Musicalia Orff-instrumentarium" libro de arranxos instrumentais para instrumentos Orff. Para traballar en distintas unidades ao longo do curso. Dependendo das pezas, cada unha dela encaixa en unidades distintas ao longo desta programación.
- "Breve historia del rock". Libro e CD con acompañamento sobre diferentes estilos de rock. Para utilizar na unidade 10 e 12.
- "Breve historia del jazz" libo e CD con acompañamento para 5 pezas orixinais que ilustran as principais correntes do jazz. Para utilizar nas unidades 9 e 12.
- "El canto en la historia y en el mundo". Libro e CDs con fragmentos musicais de distintos estilos, ilustracións, bibliografías de cantantes, e dúas partes diferenciadas sobre o a historia do canto e o canto no mundo. Para utilizar na unidade 6.

- "Voyage a capella". Método de canto coral para iniciarse no canto e na lectura musical. Unidades 6 e 12.
- ""Folklore musical Español" colección de 12 libros co cancionero de Nadal, cancionero infantil español, cancioneros de distintas comunidades autonómicas de España. Unidades 7, 8 e 12.
- "Chorchurch". Partituras a unha e dúas voces con acompañamento de piano en inglés e alemán, para coro escolar. Unidades 6, 9, 10 e 12.
- "Cantos tradicionales españoles" selección de cantos tradicionais españois con arranxos pensados para coro de xoves con flexibilidade en dúas ou tres partes vocais. Unidades 6, 9 e 12.
- "Cuatro espirituales para voces adolescentes": espirituais tradicionais dos Estados Unidos con arranxos expresamente pensados para un coro mixto de adolescentes en dúas ou tres partes vocais adaptables a diferentes oitavas segundo o desenvolvemento larínxeo. Unidades 6, 8, e 12.
- "Cómo enseñar a cantar a niños y adolescentes": este libro afronta a cuestión de cómo aprender a cantar a nenos e adolescentes tendo en conta os condicionamentos físicos, mentais e emocionais de cada fase de desenvolvemento infantil e xuvenil. Unidade 6.
- "El sonido se transforma": repertorio coral adaptado ao cambio de voz na adolescencia, didáctica do canto en grupo, exercicios de técnica vocal para adolescentes, e explicacións de como realizar arranxos vocais para esta etapa. Unidade 6.
- "Der junge Pop chor": 10 volúmenes de arranxos de pezas de pop para dúas voces femininas, que se poden cambiar de oitava. Arranxos pensados para coro xuvenil con acompañamento de piano. Texto en inglés. Unidades 6, 10 e 12.
- ""An exciting new game for children of all ages". Partitura de música contemporánea, disposta coma un tableiro de xogos no que os movementos realízanse lanzando os dados e os participantes producen sons, ou silencio segundo as instrucións dadas. Pode interpretarse con todo tipo de instrumentos. Unidades 5, 8 e 12.
- "Musescore": programa gratuito de edición de partituras. Unidade 11.
- "Audacity": programa gratuito para mezclar e manipular pistas de audio. Unidade 11
- "Garageband": programa gratuito para sistema Mac co que se pode grabar música e misturar e manipular pistas de audio. Unidade 11.
- "Music maker jam": app que é un pequeno estudo de grabación de 8 pistas nas que podemos misturar loops e usar instrumentos virtuais. Gratuita con algúns contidos de pago. Unidade 11.
- "ireal": app de pago que funciona como un "Play alone", é dicir, toca os acordes de cancións para que poidamos cantar ou tocar por enriba. Podemos atopar cancións xa feitas ou escribir nós o esquema harmónico da canción usando cifrado americano. Pódese cambiar o tempo e estilo da forma de interpretar a canción e os instrumentos que a interpretan. Unidade 11.
- "Music studio lite": app cun piano virtual e instrumentos gratuitos para tocar e grabar. Algúns instrumentos son de pago. Unidade 14.
- "Loopstation" app para misturar distintos loops. Gratuita con algunhas partes de pago. Unidade 11.
- "Web atril coral": web con partituras de coro gratuitas de todas as épocas e estilos. Válido para todas as unidades didácticas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial neste 2º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos que o alumnado aprendeu e lembra da etapa da educación primaria, xa que no 1º curso de ESO a asignatura de música non está contemplada na comunidade autónoma de Galicia.

Para dita avaliación inicial utilizaremos a primeira unidade onde facemos un repaso dos parámetros do son e como se representan estes na partitura. Moitas destas cuestións de escritura e linguaxe musical son as que se traballan na educación primaria.

Para dita avaliación inicial presentaremos unha pequena partitura onde o alumnado terá que nomear os símbolos que aparecen nela, así como lela e interpretala coa frauta ou instrumentos de placa.

A avaliación inicial indicará o punto de partida do alumnado para saber se podemos aplicar a programación tal cual, ou facer nas unidades correspondentes as adaptacións adecuadas, e levarase a cabo na primeira ou dúas primeiras sesións do curso dependendo do número de alumnado por aula.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

Debido a que a materia é altamente procedimental os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. Traballo de clase: valorarase o traballo de clase, mediante a observación sistemática do caderno, cun valor do 10% da nota da avaliación. A cualificación quedará recollida no caderno do profesor.

2. Probas escritas: puntuadas de 0 a 10, contarán con algunhas preguntas tipo test e outras de redacción, explicación de contidos e análise de audicións ou partituras. Farase unha proba por unidade didáctica e a media aritmética de todas as probas da avaliación será un 40% da nota da mesma. A nota da proba teórica quedará recollida no propio exame e máis no caderno do profesor.

A proba poderá ser adaptada segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade especificados e acordados co departamento de orientación e os informes pertinentes presentados polas familias.

3. Práctica instrumental: valorarase as actividades de interpretación instrumental mediante unha proba práctica por avaliación baseada na observación sistemática da interpretación realizada. A nota da mesma será comunicada ao alumnado e quedará recollida no caderno do profesor, constituíndo un 40% da nota da avaliación.

En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

4. Traballos de investigación: elaboración e exposición de traballos individuais ou en grupo sobre diferentes temáticas. O traballo será entregado ao profesor de forma física ou a través da aula virtual e exposto na clase. Constituirá un 10% da nota do trimestre e a súa cualificación quedará recollida no caderno do profesor.

A avaliación final será o resultado da media aritmética dos 3 trimestres.

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5.

### Criterios de recuperación:

O alumnado que acade unha cualificación inferior a 5 nalgunha avaliación terá dereito a un exame de recuperación. No caso dun resultado negativo da avaliación final, realizará actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados. Estas actividades corresponderán aos contidos teóricos e prácticos non superados e poderán ser de dous tipos:

1. Actividades novas deseñadas para tal fin no caso de que o alumnado realizase todas as previas ata a 3ª avaliación incluída e non superase a parte teórica dalgunha delas, xa que a parte práctica considerárase aprobada coa

superación da 3ª avaliación. O deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada.

2. Actividades repetidas das realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

-Criterios de cualificación das actividades de recuperación dos contidos teóricos e prácticos: O profesorado informará ao alumnado das actividades de recuperación que ten que realizar para acadar unha avaliación positiva na materia. As novas cualificacións obtidas nas actividades de recuperación utilizaranse para facer un novo cálculo das notas das avaliacións de cara á avaliación final.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que pase a 3º coa materia do 2º curso pendente seguirá o seguinte procedemento de recuperación:

Resolución dun boletín de actividades trimestral relacionado cos contidos teóricos correspondentes ao 2º curso. A media aritmética dos tres boletíns terá un peso do 50% da nota da materia. A nota quedará recollida no propio boletín de exercicios e máis no caderno do profesor.

O 50% restante consistirá na media aritmética de 3 probas trimestrais de práctica instrumental que se considerarán superadas coa práctica do 3º curso. A parte práctica da materia será avaliada mediante a observación sistemática e a súa cualificación quedará recollida no caderno do profesor.

A media aritmética de ambas dúas partes (boletín de exercicios e práctica instrumental) deberá ser igual ou superior a 5 para a superación da materia pendente.

Seguiranse os criterios indicados polo departamento de orientación no relativo a casos de alumnado con NEAE.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguir e garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademais de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X			X	X	X		
ET.2 - Creatividade		X				X	X	X
ET.3 - Autonomía		X	X			X	X	
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial		X				X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X		X		X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico		X			X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores		X	X			X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X			X				
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual								

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora		
ET.2 - Creatividade	X	
ET.3 - Autonomía	X	
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial		X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico		X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores		X
ET.8 - Expresión oral e escrita		
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	



### Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente nas unidades 1, 4, 5 e 6 a través dos textos para aprender os contidos teóricos. - Creatividade: traballarase nas unidades 2, 6, 9, 10 e 11 a través da composición de exercicios e pezas propias de percusión corporal, uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación... - Autonomía: traballarase nas unidades 2, 3, 6, 11 e 12 a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal. - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial: unidades 2, 6, 7, 8, 9, 10, 12. Actividades que implican creación de proxectos grupais. - Igualdade entre sexos: unidades 2, 4, 6, 7, 8, 9 e 10. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas. - Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 2, 5, 6, 7, 8, 9 e 10. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable. - Respecto mutuo: educación emocional e en valores. Unidades 2, 3, 6, 7, 8, 9, 10 e 12. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto. - Expresión oral e escrita: unidades 1 e 4. A través da redacción de textos explicativos e traballos de exposición oral como por exemplo explicar os parámetros que conforman o son, a forma dunha canción, a importancia do silencio na nosa saúde e nas nosas vidas, etc. - Competencia dixital e comunicación audiovisual: unidades 11 e 12 a través da creación de músicas con ferramentas dixitais e de eventos musicais que engloben non só música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións públicas en Nadal ou final de curso	As pezas musicais traballadas ao longo do curso executaranse en público en Nadal ou a final de curso, buscando outro centro de referencia para facer unha actuación conxunta nalgún auditorio da zona.			
Asistencia como público a un concerto didáctico	Propiciarase a asistencia do grupo a un concerto didáctico, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivr a experiencia de escoitar música en directo.			
Participación no festival Musiqueando	Festival musical no que participan distintos centros de todo o país, con concertos escolares na rúa e actividades en rede.			

### Observacións:

Para a primeira actividade proposta tratarse de xuntar alumnado de varios centros e buscar algún auditorio dalgunha asociación cultural para facer un festival conxunto aberto a todo tipo de público da zona e non só as familias.

É de suma relevancia para a formación musical do alumnado a súa vivencia como músico ou artista. A interpretación pública é o canle máis idóneo para acadar ese obxectivo, tanto a interpretación no propio centro educativo como noutros espazos abertos ao público xeral.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Ben ou acadado
Mal ou Non acadado
Regular ou Mellorable

### Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumna e alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: se estes se adaptan ao curso correspondente, se se poden acadar coas unidades propostas, a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.
- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización, e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.
- Utilidade materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TICs, etc.
- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son útiles e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.
- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: coñecen os obxectivos propostos, o repertorio e actividades parécenlles adecuados, coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.
- Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado pero que se poida revisar e mellorar.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación desta e propostas de melloras utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente", valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado. A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

## 9. Outros apartados